

Acordo do 17 de abril do 2026 do tribunal encargado de cualificar o proceso selectivo convocado, mediante o sistema de concurso-oposición, pola Resolución do 3 de abril do 2025 (DOG nº 80 do 28 de decembro do 2025) para o ingreso como persoal laboral fixo da Corporación na categoría de ordenanza nunha praza reservada para ser cuberta por persoas que acrediten discapacidade intelectual, polo que se establece o lugar, data e hora de realización da proba tipo test e os criterios de corrección da proba tipo test correspondente ao proceso que se cita.

En sesión que tivo lugar o día 17 de abril do 2026, o tribunal nomeado pola Resolución do 26 de xaneiro do 2026, da Dirección Xeral da CSAG para cualificar o proceso que se cita na cabeceira

ACORDOU

Primeiro.- Lugar, data e hora para a realización da proba tipo test

Que a proba tipo test terá lugar o día **9 de maio do 2026**, en chamamento único que se iniciará ás **9:30** horas, na **Facultade de Dereito da USC** (Campus Vida, Avda do Doutor Ángel Jorge Echeverri S/N, Santiago de Compostela).

As persoas aspirantes deberán presentarse provistas do seu NIF, NIE, pasaporte, permiso de condución ou calquera outro medio que a criterio do tribunal acredite a súa identidade, bolígrafo negro ou azul.

As persoas aspirantes que precisen a utilización de audífonos ou outras próteses auditivas deberán acudir provistos dun informe médico que acredite a necesidade do seu uso.

Non se permitirá a entrada ás aulas con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes, ou outros instrumentos destas características, que se poidan utilizar para axudarse na realización da proba. Non se habilitará ningún servizo de recollida deste material, polo que será de conta da persoa aspirante a súa custodia fóra das aulas.

Segundo.- Criterios de corrección e valoración da proba tipo test

Consonte ao establecido na Base III.1.1. a proba tipo test consistirá en contestar por escrito un cuestionario de corenta (40) preguntas tipo test.

As preguntas terán tres (3) respostas alternativas, das que só unha (1) delas será correcta.

O exercicio terá unha duración máxima de cen (100) minutos.

O tribunal acordou que superarán a proba todos aquelas persoas aspirantes que teñan vinte (20) respostas correctas, asignando un valor dun punto a cada resposta correcta e tendo en conta que as respostas incorrectas non penalizan.

O resto das persoas declaradas aptas terán unha cualificación distribuída entre os vinte (20) e corenta (40) puntos, coincidindo co número de respostas correctas. Do mesmo xeito, as persoas aspirantes declaradas non aptas terán unha cualificación distribuída entre cero (0) e dezanove (19) puntos.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O presidente do tribunal

VALLE
ARIAS
ANTONIO -
- /

Firmado digitalmente
por VALLE ARIAS
ANTONIO -

Fecha: 2026.04.17
14:58:23 +02'00'

Antonio Valle Arias